

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE XULLO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día dezaseis de xullo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/06/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de xuño do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2008

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2008, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:



A. - BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
4.667.978,93	4.667.978,93

B. - CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2008	4.111.763,23
INGRESOS AÑOS ANTERIORES	1,00
GASTOS AÑO 2008	3.414.823,33
GASTOS AÑOS ANTERIORES	9.182,06
RESULTADO TOTAL (AFORRO)	687.758,84

C. - LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2008	4.330.545,40
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2008	- 4.034.324,10
DIFERENZA: DÉFICIT DO EXERCICIO	296.221,30
GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓN DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	- 110.201,43
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	186.019,87

Quedando ó final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	513.685,37
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	398.677,15

D. - ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	76.583,43
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E. - COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F. - ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	85,33	69.401,78	68.156,87	1.330,24
BANCOS	136.354,88	7.280.151,98	7.357.233,80	59.273,06
S/SAÍDA	0,00	5.221.025,31	5.221.025,31	0,00
TOTAL	136.440,21	1.146.478,61	712.134,56	60.603,30

G. - ESTADO DA DÉBEDA

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2008 (NETOS)	590.328,80
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2008 (NETOS)	757,861,51
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2008	60.603,30
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	- 106.929,41
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	- 110.201,43
SALDOS DE DUDOSO COBRO	- 7.447,13
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-224.577,97

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmovilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non presupostarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acreedores

O Pleno, con 5 votos da favor do PSdeG-PSOE e 6 abstencións do PP, TEGA e BNG, acorda aprobar a citada conta


3º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/09

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para a factura num. 0002-00000046 do exercicio 2008, de Lares de Silvia Julia Brun pola realización dun video da actuación dos Requiteiros " A Laxeira" e a difusión en Lembrando a Galicia a través do Canal Internacional de Galicia, por importe de mil novecentos (#1.900,00#) euros

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento de crédito

4º.- Acordo, se procede, sobre contratación dunha operación de endebedamento para investimentos incluídos no orzamento municipal do exercicio 2009

Dáse conta das invitacións cursadas ás entidades Caixa Galicia, Banco Gallego e Banco de Crédito Local para a contratación, por procedemento negociado, dunha operación de endebedamento para investimentos previstos no orzamento do



exercicio 2009, por importe de douscentos dez mil (#210.000#) euros, coas seguintes condicións: prazo: 5 anos; periodo de carencia: 1 ano; tipo de xuro: variable e tipo de referencia: euribor a 90 días (+ diferencial)

Á vista da acta de apertura de proposicións, a Presidencia propón adxudicar a citada operación de endebedamento á proposta nº 2 do Banco de Crédito Local coas seguintes características: tipo de referencia + 1,35 (cento trinta e cinco puntos básicos); xuros de demora: xuro legal + 1,5% (cento cincuenta puntos básicos) ó tratarse da proposta máis economicamente vantaxosa

O Pleno, con 5 votos a favor do PSdeG-PSOE e 6 abstencións do PP, TEGA e BNG, acorda aprobar a citada proposta

5º.- Acordo, se procede, sobre aprobación do cadro de prezos establecido na ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa por sumidoiros, por acometidas á rede municipal

Retírase da orde do día para o seu estudo

6º.- Aprobación, do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar

Dáse conta da proposta de prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar deste concello

Dona Xosefina R. Guitián do BNG e expón que lle gustaría que se concretará se a cesión é para todo o servizo ou só para completar o servizo ata onde non chegue o que existe actualmente, e se a Mesa de Contratación que figura no mesmo é a designada pola Xunta de Goberno con data 02/06/2009

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que a concesión é só para completar o que existe actualmente, é dicir que a contratación deste servizo ven motivada basicamente pola aplicación da lei da dependencia, que os criterios, beneficiarios e horarios os fixa a Xunta de Galicia, e que o noso persoal é insuficiente

Intervén de novo dona Xosefina Guitián e sinala que está de acordo co prego pero dado que se excluiu ó BNG da Mesa de Contratación, o seu voto será en contra

O Pleno, con 10 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 voto en contra do BNG, acorda aprobar o citado prego e máis as condicións técnicas

7º.- Aprobación, se procede, do regulamento para os usuarios do arquivo histórico municipal de Vedra

Retírase da orde do día con motivo da proposta presentada polo BNG para o seu estudo e presentación no vindeiro pleno

8º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva do estudo de detalle para completar aliñacións na parcela 1033-2, sita en Galegos -Santa Cruz de Ribadulla



Aprobado inicialmente por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 12 de maio de 2009, o Estudo de Detalle para completar aliñacións na parcela 1033-2 sita no lugar de Galegos (Santa Cruz de Ribadulla) en desenvolvemento do vixente PXOM, foi sometido a información pública durante o prazo de 20 días.

Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe-proposta de Secretaría de data 2 de xullo de 2009, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle, redactado polo arquitecto Fermín González Blanco, para completar aliñacións na parcela 1033-2 sita no lugar de Galegos (Santa Cruz de Ribadulla) en desenvolvemento do vixente PXOM, quedando extinguida a suspensión de licenzas.

Segundo. - Publicar o acordo de aprobación definitiva no DOG e o texto dos documentos que o integran, así coma o índice de planos do mencionado Estudo de Detalle, no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. - Notificar o presente acordo ós propietarios e demais interesados directamente afectados polo Estudo de Detalle.

Cuarto. - Comunicar á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a aprobación do estudo de detalle, dándolle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do mesmo con todos os planos e documentos que o integran.

Quinto. - Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e firmar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

Neste momentos incorpórase dona Lucía González Louro


9º.- Acordo, se procede, sobre moción conxunta dos grupos PSdeG-PSOE e BNG sobre a gratuidade dos libros de texto

Pola Presidencia propónse debater neste punto a moción conxunta do PSdeG-PSOE e BNG e a do PP, e logo votalas por separado

De seguido dáse conta da proposta conxunta de moción dos grupos PSdeG-PSOE e BNG sobre a continuidade do modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino público que na súa parte dispositiva di:

1º.- O Pleno do Concello do Concello de Vedra en base a que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía insta á Xunta de Galicia a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto e do resto do material curricular nos vindeiros cursos académicos, no ensino obrigatorio impulsado polo anterior goberno, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíto para todos e todas, rexeitando polo tanto o actual modelo impulsado polo actual goberno

2º.- Entaboar conversas cos diversas ANPAS, pais de alumnos e alumnas en xeral e persoal educativo, co fin de impulsar a creación dunha plataforma que defenda o modelo de financiamento dos libros de texto tal e como se estableceu polo



anterior goberno da Xunta de Galicia, e consecuentemente e xunto cos diversos grupos políticos deste concello establecer o marco de actuación axeitado ás demandas reflectidas nesta moción

3º.- Dar traslado dos presentes acordos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que a medida do PP constitúe un paso atrás importante nos dereitos reclamados durante moitos anos polas familias e asegurado nos últimos cun sistema de préstamo do material que facía falta para o ensino, sen que sexa garantía, como di o PP na súa moción, de que o que se aforra vai destinado a outros sectores da educación como comedores, transporte escolar, ...etc

Di que entende a postura do PP como demagóxica vendéndoa como progresista cando o nivel de renda se establece por debaixo do umbral da pobreza fixado polo INE, sinalando que o BNG aposta por un sistema que existía indo máis alá coa gratuidade total do ensino obrigatorio

Don Rogelio Lema do PP di que considera a moción do PSdeG-PSOE e a do BNG como unha medida populista e electoralista, como outras medidas adoptadas polo goberno do Sr. Zapatero: cheque bebé, 400 euros ,etc

Expón que o sistema implantado polo goberno bipartito era un sistema non gratuito, senón de préstamo de libros, que esquivaba o auténtico papel das políticas sociais de axudar á xente máis necesitada

Di tamén que o PP pretende establecer un novo modelo de auténtica gratuidade dos libros de texto para aquelas familias que realmente o necesiten, considerando que os libros de texto non se pode considerar como un gasto para os pais, senón un investimento no futuro dos seus fillos, quizais o máis importante. Así a beca representaría o 25% dos estudantes e o 40% na axuda do 50%, que suporían ademais un importante aforro, que será destinado a mellorar a calidade da ensinanza, comedores ou outras parcelas do ensino público

Sinala que este sistema de becas é máis xusto, máis positivo e pertence a un país máis desenvolvido e contribúe a unha igualdade entre os estudantes


Por último fai algunhas matizacións con respecto á parte expositiva das mocións tanto da do PSdeG-PSOE como da do BNG

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que consideraría grave que o aforro que se acadase con este sistema acabase na educación privada, e que en todo caso que estaría a favor de que as familias que teñen máis recursos paguen, pero que ese criterio se tería que aplicar para os comedores , transporte escolar, e outros

Di que entende que o sistema anterior foi moi ben acollido pola sociedade e que dende logo o sistema de becas non vai supor un aforro excesivo de diñeiro e que realmente ensinaba ós estudantes a ser responsables co material escolar ó ter que devolvelo en perfecto estado

Por último expón que 4 de cada 5 familias que tiñan os libros gratis co novo sistema de becas van a ter que pagalos, e que tanto a gratuidade do libros como os comedores no transporte escolar foron dous grandes logros do anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia

O Sr. Alvela de TEGA di que considera que se ben teñen repercusión nos veciños, se trata de mocións de partido, como van a presentarse máis, e que entende



que se trata dun enfrentamento entre os que gobernan agora e os que estaban antes, polo que vai absterse na votación en ámbalas dúas mocións.

Expón que na moción do PP existen cousas interesantes , outra cousa é que se leven a cabo

Intervén de novo dona Xosefina R. Guitián e di que en principio o BNG sempre defendeu o ensino público gratuito, ó igual que a saúde pública

Expón que discrepa do modelo de país desenvolvido ó que fixo referencia o Sr.

Lema, xa que dende logo nos países máis desenvolvidos seguen o modelo europeo que en temas tan básicos como educación e sanidade deben ser públicos, gartuitos e universales

Con respecto ó exposto polo Sr. Alvela di que o INE no ano 2007 fixo o umbral de pobreza en 7.203 euros/persoa e no sistema de becas do PP os libros serán gratis no cento por cento (100%) para aquelas familias que teñan unha renda por debaixo de 5.400 euros/persoa, e disfrutarán dunha axuda do 50% aquelas familias que teñen unha renda de 9.000 euroso/persoa, polo que entende que o sistema non ten nada de progresivo

En canto á que se trata dun enfrentamente entres os partidos que gobernaban antes e agora, di que durante anos existiu un consenso entre todos en determinados temas e que agora mesmo existe unha regresión

Posta a votación a proposta de moción conxunta do PSdeG-PSOE e BNG apróbase con 7 votos a favor , 4 votos en contra do PP e 1 abstención de TEGA

10º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP solicitando un sistema de gratuidade solidaria dos libros de texto

Dáse conta da moción presentada polo PP na que se expón que o anterior goberno bipartito da Xunta de Galicia optou por un sistema xeneralizado e universal de empréstito de libros, que xeneraba problemas de índole pedagóxica, xa que os alumnos só usaban os libros durante o curso e tiñan a obriga de devolvelos en perfecto estado de conservación, establecendo ademais un límite de subvención sen distinción da renda das familias

Dado que o PP aposta por un modelo distinto, centrando os seus esforzos nos máis necesitados, solicita a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Substituír dun xeito progresivo o sistema de empréstito de libros por un sistema de gratuidade solidaria, que lle permita ás familias con alumnado de Educación Especial ou con menos recursos poder adquirir os libros de texto sen coste algún

2º.- Reinvestir a diferenza orzamentaria entre o sistema de gratuidade solidaria e o de empréstito na adquisición de material ou na mellora das instalacións de centros escolares ou doutros servizos educativos, como os comedores ou o transporte escolar

3º.- Centrar os esforzos da Administración, cando se convoquen axudas e subvencións públicas, na atención preferente ós máis necesitados, na converxencia económica e social e na creación dunha sociedade máis xusta



O Pleno con 7 votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, 4 votos a favor do PP e 1 abstención de TEGA, acorda rexeitar a citada moción

11º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG solicitando a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico

Retírase por terse refundido coa moción do PSdeG-PSOE e debatida no punto 9º.

12º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da Mesa de Contratación da obra de Edificación multitosos en Trobe, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, que non se admitiron a dúas empresas ó non presentar a documentación esixible

2º.-Sobre da ausencia do termo municipal do Sr. Alcalde e do Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias López, os días 22, 23 e 24 de abril, di que por viaxes privadas

3º.- En canto ó baños da Casa de Cultura de San Xián, que o problema era de auga, e que ó final haberá que facer un pozo, se a obra da urbanización non vai adiante

4º.- Á pregunta sobre do motivo de non pagar a excursión da gardería, di que está rexida por unha empresa privada e que o concello destina unha cantidade importante para o funcionamento da mesma, cousa que non acontece coas escolas unitarias

5º.- Contesta que o motivo da gratificación ó arquitecto municipal, que este está contratado para a aplicación das normas do hábitat, e que substituiu á apareladora durante a súa baixa laboral, ademais de preparar diversa documentación para o FEIL

6º.-Sobre das vivendas de Xián -Trobe, que xa están contestadas todas as peruntas formuladas. Di tamén que o problema está resolto, agás o da depuradora e máis o da auga.

7º.- En canto ó motivo do derrubamento do palco de música do campo da festa de San Miguel, que se fixo por motivos de seguridade por existir un perigo de derrubamento e ante a celebración da festa do viño

--Ás preguntas do PP, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da existencia de dous colectores amarelos na pista de monte en Santa Cruz, di que un deles se usa como colector para residuos orgánicos ó non existir ningún verde dispoñible, e que tan pronto exista algún dispoñible se procederá ó cambio.

2º.- En canto ó cruceiro de Santa Cruz, di que se gardou na nave de Trobe á espera de que Patrimonio curse a orde correspondente

3º.-Sobre do muíño de Castilláns, di que en principio está arranxado, só falta unha parte do canal da auga, pero que neste momentos existen outras obras máis urxentes , que tan pronto de poida se rematarán as obras



4º.- Sobre da contratación das obras do FEIL, di que algunha obra se fixo por unha empresa do concello, e outras de saneamento e abastecemento non existen no concello empresas especializadas

5º.- Á pregunta das obras da escola de Ponte Ulla, que se solicitou unha subvención á Consellería de Industria e se está á espera da contestación

6º.- Sobre da colocación dun deshumidificador na Reitoral de Ponte Ulla, que xa están colocados

7º.- En canto á colocación de dous puntos de luz na pista de O Pumariño, que se estivo no lugar e está completo, que debe referirse á pista nova onde se colocarán

8º.- Sobre da traída de augas en Ponte Ulla, que xa se falou cos veciños deste tema e da forma que teñen para enganchar á rede

9º.- Sobre das obras da estrada Boimorto -Ponte Ulla, que os problemas están arranxados, incluso os dous accesos de veciños de Caldelas, e que na actualidade non existe ningunha queixa nova

10º.- En canto á fonte de Ponte Ulla, di que estes días están a limpar a fonte a máis o lavadoiro

11º.- Polo que respecta o tramo da Vía da Prata en Ponte Ulla, di que non se recibiu ningunha queixa do Xacobeo, e que cando se fixo o arranxo do tramo apareceu un empedrado antigo que é o que existe na actualidade

13º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG, formula as seguintes preguntas:


1º.- Reitera a pregunta de en que situación están as obras da estrada de Santa Lucía?

A Presidencia contéstalle que hoxe ás 17: 00 horas celebrouse a reunión solicitada cos veciños afectados, con don Bernardino Rama, Deputado Provincial de Obras, e co enxeñeiro -xefe da Deputación Provincial, na que explicaron que se fixo un modificación do proxecto e máis o replanteo do terreo, e que haberá unha expropiación complementaria. Que na mesma se lle informou que o citado modificación do proxecto se aprobará polo Pleno da Deputación neste mes de xullo, que as obras se lle van adxudicar á mesma empresa e que en agosto se espera que comencen as mesmas.

2º.- O Regulamento para a utilización dos locais existentes nas Casas de Cultura e para a utilización dos Salóns de Actos están en vigor dende o mes de novembro de 2008, e neles o concello asume a obriga de limpar os espazos de uso común, cando vai empezar a facelo?. Fíxose xa a revisión do estado dos locais para coñecer se están todos e uso e de ser así ofertalos?

3º.- Ten claro xa o departamento de educación cal vai a ser a súa política de apoio á conciliación da vida familiar e laboral para o vindeiro curso escolar?. Vai negociar coas ANPAs para que existan monitores/as suficientes nos servizos de comedores dos centros?. Vaise seguir co servizo de madrugadores? Funcionou ben este ano?

4º.- Reformula a pregunta de que hai 4 vivendas en Xián -Trobe sen licenza de 1ª ocupación, porque non se lle deu?



A Presidencia contesta que mentres non se resolta o problema do complexo non se vai conceder

Pregunta tamén se ten licenza de obras a depuradora que está a dar os problemas actuais no complexo?

Di que só conta coa autorización de Augas de Galicia

--O Sr. Alvela de TEGA roga que se intente buscar financiamento para cubrir a piscina municipal para poder utilizar as instalacións durante todo o ano

--Don Manuel Martínez Carrillo do PP formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- En relación coa estrada Vedra -Santa Lucía rogamus que se fagan as xestións encamiñadas a lograr a contratación da fase da Ponte das Cabras, límite municipal, a Santa Lucía (N-525), nova ponte incluída

2º.- Rogamos se limpe a masa común da curva das Cabras en Paradela- San Xián e tamén se limpen unhas árbores á saída desta curva que invaden a estrada, raiando os vehículos e poñendo en perigo a circulación neste treito. Rogamos tamén que se xestione a limpeza por parte da Deputación das cunetas desta estrada, CP-8203

3º.- Solicitamos a colocación dunhas vallas na ponte o Río Pereiro en Bazar -Trobe, fronte ó muíño

4º.- Solicitamos a colocación dun espello neste mesmo lugar fronte á vivenda nº 4

5º.- Asimesmo solicitamos a colocación de 30 metros de quitamedos na recta xunto do lavadoiro na aldea de Rosende en Merín

6º.- En canto a puntos de luz solicitamos se poñan dúas farolas en Merín entre a casa de José Balboa e a de Esther da Costa

7º.- Rogamos tan pronto se poida se restaure a Fonte do Santo en Merín

8º.- Rogamos se coloque unha marquesiña no lugar de Silvaescura en San fins, solicitada xa polos veciños do lugar dende o mes de novembro do ano 2008

9º.- Rogamos que dende o concello se solicite á empresa que está a facer as obras en Socastro -San Mamede de Ribadulla, que limpen e reguen a pista polo menos cada dous ou tres días pola cantidade de polvo que xeneran.

8º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non intervén ninguén

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte minutos

